

IES NOSA SEÑORA DOS OLLOS GRANDES
LUGO

PROGRAMACIÓN DO
DEPARTAMENTO DE
BIOLOXÍA E
XEOLOXÍA.CURSO
2020/2021

Contenido

CONTEXTO.....	2
METODOLOXÍA	3
ATENCIÓN A DIVERSIDADE	5
AVALIACIÓN.....	6
DATOS DEPARTAMENTO	13
1º de ESO. BIOLOXÍA E XEOLOXÍA.....	15
3º de ESO. BIOLOXÍA E XEOLOXÍA.....	34
4º de ESO. BIOLOXÍA E XEOLOXÍA.....	58
4º de ESO. CULTURA CIENTÍFICA.....	71
4º ESO. CIENCIAS APLICADAS.....	80
1º de BAC. BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	91
1º de BAC. ANATOMIA APLICADA	116
1º de BAC. CULTURA CIENTÍFICA	134
1º de BAC. PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA.....	148
2º de BAC. BIOLOXÍA.....	160
2º de BAC. XEOLOXÍA.....	175
2º de BAC. CTMA.....	198
2º BAC. PROCEDEMENTOS BIOTECNOLÓXICOS	215
“APLICACIÓNS BIO – TECNOLÓXICAS: PERSPECTIVAS ACTUAIS I E II” (2018 – 2020).....	223
“ APLICACIÓNS BIO- TECNOLÓXICAS: PERSPECTIVAS ACTUAIS”	227
PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS STEM 2018 -2019 [USC/ Campus Terra].....	231
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	234
APORTACIÓNS DO DEPARTAMENTO Ó PLAN LECTOR.....	238
APORTACIÓNS DO DEPARTAMENTO Ó PLAN TIC	243
ADENDA Á PROGRAMACIÓN POR MOR DA COVID	245

CONTEXTO

O IES Nosa Señora dos Ollos Grandes é un dos centros máis antigos da cidade de Lugo, situado no centro da cidade. Os alumnos proceden na súa maior parte do medio urbano, unha pequena parte do medio rural e outra, aínda máis pequena, pero significativa son de procedencia estranxeira. Isto pode dar unha idea da diferenza que podemos atopar entre o noso alumnado. Coñecer a situación inicial de partida deste alumnado é unha das nosas preocupacións, polo que este departamento colabora co centro na realización de probas e programas específicos cara a prevención do fracaso escolar e a adquisición de estratexias e hábitos de lectura que favorezan a adquisición dos contidos específicos das materias.

Seguindo con esta traxectoria o Departamento coordinará durante a posta en marcha do Bacharelato de excelencia, STEM Bach proposto pola Consellería na Resolución de 12 de xuño de 2018. A materia a impartir denomínase: “Aplicacións Biotecnolóxicas: Perspectivas Actuais, I e II” e conta coa colaboración de Profesorado Universitario da USC, Campus de Liugo. Este Proxecto enmárcase na Estratexia dixital da UE proposta para 2020. Este ano presentaránse os Proxectos científicos de 2º de Bachelato e iniciase un novo grupo STEM en 1º de Bachelato.

Este curso académico 2020 – 2021 ofértase unha nova materia específica de centro en 2º de BAC: “Procedementos biotecnolóxicos”. O obxectivo que perseguimos con esta materia e completar á formación do alumnado de ciencias da saúde os procedementos básicos da biotecnoloxía.

Así mesmo, o Departamento coordinará o “Club de Ciencias” como leva facendo dende os últimos 3 anos en que se incorporou a esta Convocatoria da Consellería de Educación.

Inclúense ó final da programación as Actividades extraescolares e Complementarias para mellor manexo por parte de Vicedirección, así como as Aportacións ó Plan Lector, ó Plan Tic e ó Plan de Igualdade do centro por parte do Departamento de Bioloxía e xeoloxía.

A situación actual que estamos a vivir derivada da Pandemia do Sars Cov 2, obríganos a facer certas modificacións e adaptacións á nosa Programación de Departamento.

METODOLOXÍA

1. Estratexias metodolóxicas

Aspectos xerais

Sempre se tentará partir dos coñecementos previos do alumnado e tentarase determinar a competencia inicial con diversos métodos, por exemplo mediante tests de resposta múltiple. O extenso dos programas fai difícil utilizar métodos que consuman moito tempo, pero sempre queda a opción de facer algunhas preguntas en clase e comprobar polas súas respostas o grao de coñecementos previos que teñen con respecto ao tema ou unidade que se vai a desenvolver. É particularmente importante cos primeiros cursos da ESO.

Terase en conta a diversidade para respectar, na medida do posible, os distintos ritmos de aprendizaxe. De novo é especialmente importante detectar a diversidade da clase en 1º de ESO porque carecemos de información suficiente dos alumnos, a medida que avanza o curso o noso coñecemento será máis preciso pero inicialmente serán bos indicadores a observación en clase, as respostas ás preguntas orais, o caderno, o traballo no laboratorio, etc.

Sempre que sexa posible é importante potenciar o traballo cooperativo e marcámonos como obxectivo incorporar progresivamente a aprendizaxe por proxectos o que implicará un traballo colaborativo entre os integrantes do departamento.

Outra estratexia metodolóxica importante é a realización de tarefas e resolución de problemas enfocados a situacións reais e cotiás na vida dos alumnos. De novo leste é un obxectivo a curto e medio prazo que implicará aos profesores do departamento para achegar materiais e ideas neste sentido.

O uso habitual das TIC e a adquisición de competencias tecnolóxicas por parte dos nosos alumnos é un aspecto imprescindible na sociedade actual e cobra especial importancia en 1º de ESO no noso instituto porque somos un centro que participamos no proxecto Abalar.

A Bioloxía e a Xeoloxía son ciencias experimentais nun grao importante, por iso, o uso do laboratorio para realizar prácticas e desenvolver proxectos adecuados a cada nivel é outro aspecto importante. Neste sentido resulta esencial os desdobres en prácticas cando se dean as condicións para iso.

Estratexias metodolóxicas

- Memorización comprensiva.
- Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa, etc.
- Elaboración de sínteses.
- Análise de documentos, gráficos, mapas, táboas de datos.
- Comentarios de textos, gráficos, mapas.
- Resolución de problemas.
- Estudo de casos.
- Prácticas de laboratorio especialmente enfocadas a realización de proxectos.
- Actividades na aula Virtual con aqueles profesores que utilizan a plataforma Moodle, tales como tests de resposta múltiple, glosarios, actividades en liña, tarefas, etc.

- Presentación de Proxectos científicos adecuados ó nivel do alumnado. Congreso de Ciencias en Abril - Maio.
- Actividades complementarias, Club de ciencias e propostas STEM.
- Comunicación á sociedade, Blogs de divulgación de actividades.

Secuenciación habitual de traballo na aula

Motivación:

- Presentación actividade con mapas, gráficos, textos, fotos, vídeos, animacións, etc.

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado.
- Información complementaria para reforzo e apoio.
- Información complementaria para afondamento e ampliación.

Resolución de problemas e presentación de proxectos.

- Procura da información recollida de diversas fontes.
- Plantexamento de hipóteses.
- Correta recollida de datos.
- Discusión de resultados.
- Elaboración de de conclusións.
- Presentación d eproxectos cara o público.
- Manexo de ferramentas TIC.

Traballo persoal

- Lectura e comprensión de textos.
- Análise de documentos, pequenas investigación, prácticas de laboratorio, etc.
- Resposta a preguntas.
- Actividades na Aula Virtual e de EVA- Edixgal.
- Videoconferencias en plataforma Webex.
- Comentario de documentos, mapas, imaxes, etc.
- Elaboración de mapas, gráficos, sínteses, mapas conceptuais.
- Memorización comprensiva.

Avaliación:

- Autoavaliación das probas fitas polo alumnado. Mecanismo de regulación da aprendizaxe.
- Análise de producións: caderno, mapas, comentarios.
- Exposicións orais.
- Probas escritas.
- Traballos individuais e en grupo.
- Observación do traballo na aula.
- Informes das prácticas realizadas.
- Proxectos levados a cabo.

2. Outras decisións metodolóxicas

Agrupamentos

Os agrupamentos utilizaranse no traballo no laboratorio, proxectos e tarefas en grupo. Procurarase manter as afinidades dos alumnos pero prestando atención a equilibrar distintas formas de traballo, habilidades e capacidades e introducindo flexibilidade na composición dos grupos en función das observacións do profesor e dos resultados.

Tempos

Dependerán de cada unidade dunha forma ideal empezarse por algunha actividade motivadora, exposición con participación dos alumnos mediante preguntas orais, actividades interactivas na aula Virtual ou actividades en clase, prácticas de laboratorio se é posible tras un proceso dedutivo realizado polos alumnos e avaliación dos coñecementos adquiridos.

Espazos

Aula de referencia e laboratorio. Dependendo do curso: aula de informática, biblioteca e arredores do centro (por exemplo, identificación de árbores nas inmediacións do centro).

Nova Aula STEM aberta coa finalidade de crear espazos versátiles e Aula de experimentación, Rosalyn Franklin, onde se desenvolven e gardan as experimentacións. Este ano seguiremos coa súa equipación xa iniciada o curso pasado.

Materiais

Material de laboratorio, computadores (1º de ESO e grupos que acoden ás aulas de informática), libro de texto, caderno, Videoproxector, pizarra dixital, materiais elaborados polos profesores.

Materiais de Reforzo e Ampliación destinados a atender á diversidade dentro da Aula.

Recursos didácticos

- Prensa.
- Internet.
- Tablets.
- Material de laboratorio.
- Vídeos.
- Animacións.
- Actividades fora do centro e visitas.
- Conferencias.

ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Con obxecto de atender adecuadamente á diversidade, levarase a cabo diversas medidas, entre outras:

- Materiais de reforzo e de ampliación dentro da aula.
- Adaptacións do currículo.
- Medidas organizativas.

- Apoios e reforzos.

As medidas coordinaranse co departamento de Orientación tras a identificación e valoración das necesidades específicas de apoio educativo derivadas de problemas de aprendizaxe, discapacidade ou trastorno grave de conduta, altas capacidades ou incorporación tardía ou por requirir dun programa específico para adquirir a lingua de acollida, ou superar as carencias sobre as competencias básicas.

AVALIACIÓN

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial realizarase nos primeiros dez días do curso. A proba poderá consistir nun exame tipo test con algunhas preguntas de desenvolvemento e procurarse que estean relacionadas cos estándares esenciais.

Informarase o departamento de orientación dos resultados máis relevantes por se fose necesario suxerir algunha medida de reforzo e, previa consulta coa xefatura de estudos e co departamento de orientación, informarase as familias para que tomen as decisións que consideren oportunas.

Dependendo dos resultados valorarase modificar algúns aspectos da programación, impartir clases de reforzo a algúns alumnos, modificar o número de probas que se prevexa realizar por avaliación, etc., medidas que poden encadrarse no apartado anterior de atención á diversidade.

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA

Probas escritas

O número e tipo de probas escritas variará en función do nivel e das características do grupo –aula. O seguimento diario do alumnado de 1º ESO dará paso a unha maior autonomía en cada nivel coa finalidade de que o alumno regule mellor os tempos e sexa responsable dos mesmos. Por outro lado o incremento de coñecementos a adquirir no bacharelato fai moi recomendable a realización de dúas probas por avaliación, agás naquelas situacións nas que sexa imposible levalas a cabo.

Outros Instrumentos de avaliación

- As Rúbricas de avaliación.

Cabe destacar a necesidade de utilizar outros instrumentos de avaliación coa finalidade de facilitar o alumnado un bo resultado final en función das súas destrezas cognitivas. E por iso que cobra unha vital importancia a utilización de rúbricas para valorar, investigacións, proxectos, procedementos de laboratorio, exposicións orais e mesmo as actividades que se entregan na aula virtual.

- A observación directa do alumnado no día a día.

Recollida de actividades, rexistro de entrega no tempo indicado de ditas actividades, actitude positiva cara a aprendizaxe, respecto e tolerancia serán valorados cunha porcentaxe que terá maior peso nos cursos inferiores e/ou nas materias máis procedimentais e que diminuírá na Bioloxía e Xeoloxía 1º Bachalerato e na Bioloxía de 2º de Bacharelato.

Criterios de cualificación

Unha avaliación considerarase aprobada cando se acade unha calificación de cinco unha vez aplicada a ponderación dos instrumentos de avaliación e despois de ser aplicados os métodos de redondeo recollidos nesta programación. 2

1º ESO

- 50% Probas escritas
- 40%Traballo en clase, actividades en Moodle...
- 5% Exercicios feitos na casa
- 5% Interese, comportamento e actitude

Tenderase a facer un exame por tema para facilitar ó alumnado o paso de etapa e controlar o axeitado logro dos estándares de avaliación. Só cando os temas sexan demasiado curtos se procederá a unilos nunha soa proba. Haberá que ter un mínimo de 4 en cada unha das probas escritas para facer a media, en caso contrario, a avaliación será non superada.

3º ESO

- 70% Probas escritas
- 30% Traballo en clase, exercicios realizados en clase ou na casa, traballos individuais ou en grupo, interese, comportamento, actitude...

Con só dúas horas á semana e o emprego (como sempre) de outros instrumentos de avaliación, o número de probas escritas será de unha por tema. Haberá que ter un mínimo de 4 en cada unha das probas escritas para facer media, en caso contrario, a avaliación será non superada.

Biología 4º ESO

- 70% probas escritas
- 30% Traballo en clase, exercicios realizados en clase ou na casa, traballos individuais ou en grupo, interese, comportamento, actitude...

Séguese as pautas de bacharelato, recomendándose 2 probas por trimestre. Haberá que ter un mínimo de 4 en cada unha das probas escritas para facer media, en caso contrario, a avaliación será non superada.

Ciencias aplicadas 4º ESO

- 50% en probas escritas. Mínimo un exame por trimestre.
- 50% outros instrumentos de avaliación: Traballo na aula; entrega de actividades regularmente; actitude cara o estudo; participación activa na aprendizaxe; responder axeitadamente na aula de forma regular.

Ocasionalmente a proba escrita pode ser substituído pola presentación dun traballo escrito e a súa correspondente exposición oral.

Cultura científica 4ºESO

- 40% Probas escritas
- 40% Proxectos ou traballos
- 20% Traballo en clase, exercicios realizados en clase ou na casa, interese, comportamento, actitude...

Farase a media das probas escritas da avaliación, para poder facer media deberase sacar un mínimo de 3,5 en cada proba. 3

Os traballos, empregados como instrumentos de avaliación, presentados en prazo, serán corrixidos sobre 10 puntos. Os que sexan presentados fora de prazo, sobre 8, perdendo 2 puntos por impuntualidade.

Biología 1º BAC

- 90% Probas escritas
- 10% exercicios, cuestionarios, Test, participación na clase...

Recomendase dúas probas por avaliación, agás que as circunstancias específicas do grupo e/ou do contexto non o permitan. A situación específica da COVID condicionarará a proba de recoñecemento de minerais e rochas, podendo non levarse a cabo. En cada unha das probas escritas haberá que ter un mínimo de 3,5 para que faga media.

Anatomía aplicada 1º Bacharelato

- 30% Probas escritas
- 20% actividade cotiá e a participación diaria facilitar unha aprendizaxe significativa duns contidos moi teóricos
- 50% proxecto de investigación

Haberá unha proba escrita por avaliación e a presentación de proxectos/maquetas por avaliación.

Proxectos de investigación en Bioloxía 1º de BAC

Avaliarase aos alumnos polos proxectos realizados dos que entregarán os correspondentes informes e traballos.

Cultura científica 1º Bacharelato

- 40% Probas escritas
- 40% Proxectos ou traballos
- 20% Traballo en clase, exercicios realizados en clase ou na casa, interese, comportamento, actitude...

Bioloxía 2º de BAC

A materia divídese en cinco partes, realizarase un exame de cada parte.

Na primeira avaliación impartiranse a primeira e segunda parte e realizaranse os exames de ambas as partes, aínda que poida que o exame da segunda parte realícese inmediatamente despois das vacacións de Nadal, a elección dos alumnos e dependendo de diversos factores como a acumulación de exames xusto ao final da primeira avaliación.

Na segunda avaliación realizaranse os exames das partes 3 e 4.

Terceira avaliación: exame da parte 5. 4

Datas de exame 2º DE BACH. CURSO 2020/2021

	TEMAS	FECHA
Exame 1	1 a 6 ambos inclusive	23 a 27 de novembro
Exame 2	7 a 14 ambos inclusive	18 a 22 de xaneiro
Exame 3	15, 16 e 17	15 a 19 de marzo
Exame 4	18 a 23 ambos inclusive	26 a 30 de abril
Exame 5	24 a 27 ambos inclusive	6 a 12 de maio (pendente das datas de ABAU)
Finais	Partes pendentes de recuperación	A partir do 13 de maio. As datas concretas para cada materia as fixa Xefatura de Estudos

Temporalización Bioloxía 2º DE BACH. CURSO 2020-2021

Temas	2º BAC Bioloxía	Horas	
Primer trimestre (Bloque 1)			
Tema 1	Bioelementos y agua	4,5	Exame 1
Tema 2	Glúcidos	4	
Tema 3	Lípidos	3	
Tema 4	Proteínas	3	
Tema 5	Ác nucleicos	2,5	
Tema 6	Enzimas	6	
Primer trimestre (Bloque 2)			
Tema 7	Introducción célula. Métodos de estudio	2	Exame 2
Tema 8	Membrana	2	
Tema 9	Pared celular y org. no membranosos	2	
Tema 10	Eucariota org. memb.	3	
Tema 11	Núcleo	2	
Tema 12	Célula procariota	2	
Tema 13	Nutrición y relación	1,5	
Tema 14	División celular	2,5	
		TOTAL	40
Segundo trimestre (Bloque 2)			
Tema 15	Catabolismo	6	Exame 3
Tema 16	Anabolismo	3,5	
Segundo trimestre (Bloque 3)			
Tema 17	Genética mendeliana	7	Exame 4
Tema 18	Base molecular herencia	2,5	
Tema 19	Expresión genética	3,5	
Tema 20	Mutaciones	2	
Tema 21	Ingeniería genética	4	
Segundo trimestre (Bloque 4)			
Tema 22	Introducción microbiología	2	Exame 5
Tema 23	Virus	2	
		TOTAL	32,5
Tercer trimestre Bloque 4)			
Tema 24	Microorganismos benef. / perjudic.	3	Exame 5
Tema 25	Bioteχνología tradicional	2,5	
Tercer trimestre (Bloque 5)			
Tema 26	Sistema inmunitario (I)	6	Exame 5
Tema 27	Sistema inmunitario (II)	3	
		TOTAL	14,5

Xeoloxía 2º de BAC

Para cada avaliación se fará media entre os dous exames ao 50 %, agás a 3ª avaliación onde só hai programado 1 exame. Para poder facer a media a nota mínima de cada exame debe ser 4.

Sobre a nota total da avaliación se poderá detraer hasta un 10 %, no caso de que o alumno ou alumna nos asista a clase regularmente, teña actitude negativa ou non entregue as actividades solicitadas. Se realizarán as seguintes probas escritas:

1ª avaliación

Exame 1.

Se divide en dúas probas:

Proba teórica Exame. 80 % da puntuación

Bloque 1. O Planeta e o seu estudio

Bloque 2. Minerais

Bloque 3.1 Rochas magmáticas

Proba práctica: Viso minerais. 20 % da puntuación

Exame 2

Se divide en dúas probas:

Proba teórica Exame 80 % da puntuación

Bloque 3.2 Rochas metamórficas

Bloque 3.3 Rochas Sedimentarias

Proba práctica: Viso rochas. 20 % da puntuación

2ª Avaliación

Exame 3.

Bloque 4. Tectónica de Placas

Bloque 5. Fenómenos xeolóxicos externos

Exame 4

Bloque 6. O tempo xeolóxico

3ª Avaliación

Exame 5

Bloque 7. Riscos xeolóxicos

Bloque 8. Recursos minerais e augas subterráneas

Bloque 9. Xeoloxía de España 5

O Bloque 10: Xeoloxía de campo, polo seu carácter práctico se desenvolverá en tódolos Bloques, e será avaliado a través de prácticas, exames prácticos ou cuestión prácticas nos exames.

Ciencias da Terra e o Medioambiente 2º BAC

- 60% probas escritas
- 30% actividades de aula, traballos individuais e traballos en grupo.
- 10% participación en debates, á actitude e ao interese mostrado pola materia.

Farase a media das probas escritas da avaliación, para poder facer media deberase sacar un mínimo de 3,5 en cada proba.

Os traballos, empregados como instrumentos de avaliación, presentados en prazo, serán corrixidos sobre 10 puntos. Os que sexan presentados fora de prazo, sobre 8, perdendo 2 puntos por impuntualidade.

Procedementos biotecnolóxicos 2º de BAC

Instrumentos de avaliación: Observación directa; Rúbrica específica para POS; Presentación e comunicación de proxectos con Rúbricas asociadas

- Unha proba escrita de coñecementos básicos en biotecnoloxía por trimestre. Peso 50%
- Presentación dun procedemento operativo estándar por avaliación no contexto da investigación realizada, por trimestre. Peso 50%

A nota media final calcúlase coa media aritmética das notas obtidas nas avaliacións ordinarias.

PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN NA AVALIACIÓN CONTINUA

O profesorado realizará probas de recuperación de aqueles ámbitos, temas e / ou procedementos que o alumnado deba mellorar unha vez rematado o trimestre en cuestión coa finalidade de facilitar a súa incorporación ós novos contidos a traballar e facer unha avaliación continua axeitada.

O procedemento de recuperación dunha avaliación variará en función da parte ou partes pendentes de recuperación. Unha actitude pouco positiva cara a aprendizaxe da materia, como falta de interese, malos hábitos de traballo, faltas de asistencia a clase, etc. recuperarase variando estes aspectos. As prácticas non realizadas poderán recuperarse cun traballo sobre as prácticas non realizadas. Os traballos ou proxectos recuperaranse coa entrega doutros traballos ou proxectos. As probas escritas recuperaranse cunha nova proba deste tipo. Realizarase como mínimo unha proba de recuperación por avaliación.

Para aqueles alumnos e alumnas que aínda así non acaden unha cualificación positiva en todas as avaliacións, haberá unha proba final que consistirá nunha proba escrita sobre as partes pendentes de recuperación. Se o motivo polo que se suspendeu unha avaliación fóra que non 6

se realizaron as prácticas sen causa xustificada poderá recuperarse este aspecto cun traballo proposto polo profesor ou outra actividade a criterio do profesor.

Na avaliación final incluíranse polo menos un 75% de preguntas referidas a estándares esenciais.

Se o alumno se presentase á avaliación final por non aprobar algunha parte na avaliación nin nas recuperacións realizadas durante o curso, a nota obtida na avaliación final multiplicarase por un coeficiente corrector de 0,75, dado que esta proba realízase fundamentalmente a partir de estándares esenciais. Se un alumno obtén na proba de recuperación unha cualificación superior a 5 e ao aplicar o coeficiente corrector a nota fóra inferior 5 cualificarase con 5. Non se aplicará o coeficiente ao alumno que obteña unha cualificación de 5. Poderase establecer algunha excepción se o motivo de presentarse ao exame final fose por causas xustificadas tales como enfermidade ou outras causas. Os alumnos serán debidamente informados.

En Xeoloxía de 2º de BAC o procedemento será o seguinte:

Se fará un exame de recuperación para cada avaliación, cos mesmos contidos dos Bloques que se mencionan no punto 1. Se considerará recuperada a avaliación cando a nota sexa superior ou igual a 5.

Cando nunha avaliación suspensa, unha das partes estea aprobada, se poderá excepcionalmente, facer a recuperación do exame que tivera suspenso. Se considerará que a avaliación se recuperou se obtén como mínimo un 5 na parte que recuperou. A nota da avaliación será a media das dúas partes.

En ningún caso se poderá recuperar unha parte ou fracción dos exames que figuran no punto 1.

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN FINAL

A nota da avaliación final será a media das tres avaliacións. Para facer a media hai que acadar un mínimo de 4 en cada unha das avaliacións, agás en Xeoloxía de 2º de BAC que haberá que ter un 5 en todas as avaliacións para poder facer media.

Segundo o Decreto 86/2015, en caso de equidistancia decimal na nota media pasarase ó dígito superior.

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

O alumnado de calquera curso que non acade os mínimos esixidos en xuño deberá presentarse a unha proba extraordinaria en setembro, no caso de 2º BAC esta proba será en xuño, a unha proba escrita con preguntas baseadas nos contidos mínimos das diferentes materias do departamento. No caso dos alumnos de 1º de ESO, facilitaráselles un cuestionario o día da entrega de cualificacións. No cuestionario incluíranse polo menos un 75% de preguntas referidas aos estándares esenciais. Os alumnos responderán as preguntas no seu caderno ou en folios e entregaranos o día do exame se setembro. O cuestionario cualificarase con ata 2 puntos e na proba escrita formularase un número variable de Programación do departamento de Bioloxía e Xeoloxía.

preguntas en función da extensión das mesmas, as preguntas obteranse do cuestionario. Dita proba escrita 7 cualificarase de cero a oito. A nota final será o resultado de sumar a cualificación obtida no cuestionario e na proba escrita. O alumnado será debidamente informado do procedemento.

Se a parte non superada na avaliación ordinaria correspondese ao Proxecto de Investigación, deberá presentalo de novo na proba extraordinaria.

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE PENDENTES

Os alumnos con materias pendentes de cursos anteriores seguirán un programa para recuperar a materia coordinado polo xefe de departamento.

En todos os niveis se entregará ó alumnado pendente un cuestionario cos contidos máis importantes a superar. Dado que non hai horario específico para a recuperación, o xefe de departamento reunirse co alumnado dúas veces ao trimestre para revisar os cuestionarios. Realizarase unha proba por trimestre.

Alumnado de 2º de bacharelato que non cursara Bioloxía e Xeoloxía de 1º de BAC.

Enviárase á Xefatura de Estudos e a Orientación á solicitude de informar ó alumnado que desexe cursar a Bioloxía de 2º de BAC sen ter cursada a de 1º de BAC, que o alumnado terá o dereito de participar do exame de setembro para recuperar a materia de 1º BAC.

En caso de que isto non tivera lugar o alumnado de novo acceso á Bioloxía de 2º BAC recibirá o mesmo tratamento que o alumnado pendente e deberá realizar as tres probas correspondentes cursando a materia como pendente.

O xefe de departamento informará aos alumnos da súa dispoñibilidade para resolver dúbidas e ofrecer explicacións sobre aquelas partes que presenten dificultades, en horario que conveña aos alumnos durante os recreos ou pola mañá se non teñen que asistir a outras clases. Debido á situación COVID, cabe a posibilidade de que estas actividades se leven a cabo por videoconferencia e/ou correo electrónico e aula virtual.

No momento de redactar esta programación aínda non dispoñemos da relación de alumnos pendentes, cando se nos facilite adaptaremos o procedemento de recuperación ás circunstancias particulares e incorporárase á programación tras a súa aprobación nunha reunión de departamento.

Alumnado con perda de avaliación continua.

Terán dereito a unha proba escrita final no mes de xuño. De superala, superarán a materia.

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

A programación revisarase como mínimo ao finalizar cada avaliación e tras a avaliación ordinaria, en caso de ser necesario. Lóxicamente, dependendo do grupo – clase e as súas características dita programación poderá ser

En caso de desfasamento, e tras analizar as causas, propoñeranse as medidas que correspondan que se recollerán na programación do próximo curso. Estas medidas variarán dependendo das causas.

Se o desfasamento prodúcese durante a primeira ou segunda avaliación revisarase a programación e darase prioridade aos contidos relacionados cos estándares esenciais.

DATOS DEPARTAMENTO

Curso	Grupos	Materia	Profesor/a
1º ESO	A	Bioloxía e Xeoloxía	Manuel Rodríguez Aira
1º ESO	B	Bioloxía e Xeoloxía	Leonor Vidal Varela
1º ESO	C	Bioloxía e Xeoloxía	Carlos Villamor Castiñeira
1º ESO	D	Bioloxía e Xeoloxía	Aída Fráiz Gómez
1º ESO	E	Bioloxía e Xeoloxía	Leonor Vidal Varela
3º ESO	A	Bioloxía e Xeoloxía	Verónica Cela Parada
3º ESO	B	Bioloxía e Xeoloxía	Carlos Villamor Castiñeira
3º ESO	C	Bioloxía e Xeoloxía	Carlos Villamor Castiñeira
3º ESO	D	Bioloxía e Xeoloxía	Carlos Villamor Castiñeira
3º ESO	E	Bioloxía e Xeoloxía	Verónica Cela Parada
3º ESO	F	Bioloxía e Xeoloxía	Aída Fráiz Gómez
4º ESO	A	Bioloxía e Xeoloxía	Hortensia Lence Cortiñas
4º ESO	B	Bioloxía e Xeoloxía	Leonor Vidal varela
4º ESO	C	CC AA CC	Verónica Cela Parada
4º ESO	D	Bioloxía e Xeoloxía	Leonor Vidal Varela
4º ESO	E	Bioloxía e Xeoloxía	Leonor Vidal Varela
4º ESO	F	Bioloxía e Xeoloxía	Hortensia Lence Cortiñas
4º ESO	G1	Cultura Científica	Leonor Vidal Varela
4º ESO	G2	Cultura Científica	Leonor Vidal Varela
1º BAC	A	Bioloxía e Xeoloxía	Aída Fráiz Gómez
1º BAC	B	Bioloxía e Xeoloxía	Aída Fráiz Gómez
1º BAC	C	Bioloxía e Xeoloxía	Hortensia Lence Cortiñas
1º BAC	D	Bioloxía e Xeoloxía	Verónica Cela Parada
1º BAC	E	Bioloxía e Xeoloxía	Hortensia Lence Cortiñas
1º BAC	G1	Anatomía Aplicada	Pilar Fernández Illán
1º BAC	G2	Anatomía Aplicada	Pilar Fernández Illán
1º BAC	G2	Anatomía Aplicada	Carlos villamor Castiñeira
1º BAC	G1	Cultura Científica	Verónica Cela Parada
1º BAC	G2	Cultura Científica	Verónica Cela Parada
1º BAC	G3	Cultura Científica	Verónica Cela Parada
1º BAC	G1	PIC	Hortensia Lence Cportiñas
1º BAC	G2	PIC	Carlos Villamor Castiñeira
2º BAC	G1	Bioloxía	Pilar Fernández Illán
2º BAC	G2	Bioloxía	Manuel Rodríguez Aira
2º BAC	G3	Bioloxía	Pilar Fernández Illán
2º BAC	G4	Bioloxía	Manuel Rodríguez Aira
2º BAC	G5	Bioloxía	Manuel Rodríguez Aira
2º BAC	G1	Ciencias da Terra e o Medio	Aída Fráiz Gómez
2º BAC	G2	Ciencias da Terra e o Medio	Aída Fráiz Gómez
2º BAC	G1	Xeoloxía	Hortensia Lence Cortiñas
2º BAC	G1	Procedem. Biotec.	Pilar Fernández Illán

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA

1º de ESO. BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

1ª AVALIACIÓN

UNIDADE 1. METODOLOXÍA CIENTÍFICA

OBXECTIVOS

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizasen achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporal, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar críticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e

TEMPORALIZACIÓN

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE	Grao min. consec
h o	B1.1. O vocabulario científico na expresión oral e escrita.	B1.1. Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel.	BXB1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como por escrito.	CCL CMCCT	50%
b e f g h m	B1.2. Metodoloxía científica: características básicas. B1.3. Experimentación en bioloxía e xeoloxía: obtención, selección e interpretación de información de carácter científico a partir da selección e a recollida de mostras do medio natural ou doutras fontes.	B1.2. Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico, e utilízala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde.	BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.	CD CAA	50%
			BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes.	CD CCL	75%
			BXB1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.	CAA CCL	75%

b f g	B1.4. Planificación e realización do traballo experimental, e interpretación dos seus reultados. B1.5. Normas de seguridade no laboratorio, e coidado dos instrumentos e do material.	B1.3. Realizar un traballo experimental coa axuda dun guión de prácticas de laboratorio ou de campo, describir a súa execución e interpretar os seus resultados.	BXB1.3.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado.	CMCCT CSC	100%
			BXB1.3.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.	CSIEE CMCCT CAA	75%

UNIDADE 2. A TERRA NO UNIVERSO: UNIVERSO E XEOLOXÍA

OBXECTIVOS

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realicen achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporal, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión

OBXECTIVO	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE	Grao min. consec
					50%
F	B2.1. Principais modelos sobre a orixe do Universo.	B2.1. Recoñecer as ideas principais sobre a orixe do Universo, e a formación e a evolución das galaxias.	BXB2.1.1. Identifica as ideas principais sobre a orixe do universo.	CMCCT	50%

f	B2.2. Compoñentes do Universo. B2.3. Características do Sistema Solar e dos seus compoñentes. B2.4. Concepcións sobre o Sistema Solar ao longo da historia.	B2.2. Expor a organización do Universo e do Sistema Solar, así como algunhas das concepcións que sobre este sistema planetario se tiveron ao longo da historia.	BXB2.2.1. Recoñece os componentes do Universo e do Sistema Solar, e describe as súas características xerais.	CMCCT	50%
F	B2.5. Os planetas no Sistema Solar.	B2.3. Relacionar comparativamente a posición dun planeta no sistema solar coas súas características.	BXB2.3.1. Precisa as características que se dan no planeta Terra que permiten o desenvolvemento da vida nel, e que non se dan nos outros planetas.	CMCCT	50%
F	B2.6. O planeta Terra: características.	B2.4. Localizar a posición da Terra no Sistema Solar.	BXB2.4.1. Identifica a posición da Terra no Sistema Solar.	CMCCT	100%
F	B2.7. Os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e as súas consecuencias.	B2.5. Establecer os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e relacionalos coa existencia do día e a noite, as estacións, as mareas e as eclipses.	BXB2.5.1. Categoriza os fenómenos principais relacionados co movemento e a posición dos astros, e deduce a súa importancia para a vida.	CMCCT	100%
			BXB2.5.2. Interpreta correctamente en gráficos e esquemas fenómenos como as fases lunares e as eclipses, e establece a súa relación coa posición relativa da Terra, a Lúa e o Sol.	CMCCT	100%
F	B2.8. A xeosfera: estrutura e composición da codia, o manto e o núcleo	B2.6. Identificar os materiais terrestres segundo a súa abundancia e a distribución nas grandes capas da Terra.	BXB2.6.1. Describe as características xerais dos materiais máis frecuentes nas zonas externas do planeta e xustifica a súa distribución en capas en función da súa densidade.	CMCCT	100%

			BXB2.6.2. Describe as características xerais da codia, o manto e o núcleo terrestre, e os materiais que os compoñen, e relaciona esas características coa súa situación.	CMCCT	100%
F g n ñ	B2.9. Minerais e rochas: propiedades, características e utilidades. B2.10. Xestión sustentable dos recursos minerais. Recursos minerais en Galicia.	B2.7. Recoñecer as propiedades e as características dos minerais e das rochas, distinguir as súas aplicacións máis frecuentes e salienta a súa importancia económica e a xestión sustentable.	BXB2.7.1. Identifica minerais e rochas utilizando criterios que permitan diferenciarlos.	CMCCT CAA	75%
			BXB2.7.2. Describe algunhas das aplicacións máis frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotiá.	CCEC	50%
			BXB2.7.3. Recoñece a importancia do uso responsable e a xestión sustentable dos recursos minerais	CSC	80%

UNIDADE 3. A TERRA NO UNIVERSO: ATMÓSFERA E HIDROSFERA

OBXECTIVOS

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizasen achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporal, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar críticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE	Grao min. consec
F	B2.11. A atmosfera: composición e estrutura. O aire e os seus compoñentes. Efecto invernadoiro. Importancia da atmosfera para os seres vivos.	B2.8. Analizar as características e a composición da atmosfera, e as propiedades do aire.	BXB2.8.1. Recoñece a estrutura e a composición da atmosfera.	CMCCT	100%
			BXB2.8.2. Recoñece a composición do aire e identifica os contaminantes principais en relación coa súa orixe.	CMCCT	75%
			BXB2.8.3. Identifica e xustifica con argumentacións sinxelas as causas que sustentan o papel protector da atmosfera para os seres vivos.	CMCCT	75%
B e f g m	B2.12. Contaminación atmosférica: repercusións e posibles solucións.	B2.9. Investigar e recoller información sobre os problemas de contaminación ambiental actuais e as súas repercusións, e desenvolver actitudes que contribúan á súa solución.	BXB2.9.1. Relaciona a contaminación ambiental coa deterioración ambiental, e propón accións e hábitos que contribúan á súa solución.	CSC CSIEE	75%
f m	B2.12. Contaminación atmosférica: repercusións e posibles solucións.	B2.10. Recoñecer a importancia do papel protector da atmosfera para os seres vivos e considerar as repercusións da actividade humana nela.	BXB2.10.1. Relaciona situacións en que a actividade humana interfere coa acción protectora da atmosfera.	CSC	75%

f	B2.13. A hidrosfera. Propiedades da auga. Importancia da auga para os seres vivos.	B2.11. Describir as propiedades da auga e a súa importancia para a existencia da vida.	BXB2.11.1. Recoñece as propiedades anómalas da auga en relación coas súas consecuencias para o mantemento da vida na Terra.	CMCCT	75%
f m	B2.14. A auga na Terra. Auga doce e salgada. B2.15. Ciclo da auga B2.16. A auga como recurso.	B2.12. Interpretar a distribución da auga na Terra, así como o ciclo da auga e o uso que fai dela o ser humano.	BXB2.12.1. Describe o ciclo da auga en relación cos seus cambios de estado de agregación.	CMCCT	100%
a f g m	B2.17. Xestión sustentable da auga	B2.13. Valorar e identificar a necesidade dunha xestión sustentable da auga e de actuacións persoais e colectivas que potencien a redución do consumo e a súa reutilización.	BXB2.13.1. Comprende e identifica o significado da xestión sustentable da auga doce, e enumera medidas concretas que colaboren nesa xestión.	CSC CSIEE	75%
<ul style="list-style-type: none"> • d • l 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.7. A comunicación en ciencia e tecnoloxía. A documentación e as fontes de información rigorosas. (Google scholar) • B1.8. A linguaxe escrita, características dun texto científico: tecnicismos, evidencias, argumentos. • B1.9. A linguaxe oral, estratexias de comunicación oral, a linguaxe non verbal. • B1.10. Comunicación de resultados: O artigo científico. O proxecto científico. 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.3. Expresarse cunha linguaxe científica adecuada á súa idade sabendo utilizar os tecnicismos correctamente, e aplicando as estratexias comunicativas de descrición, argumentación de forma coherente. 	<ul style="list-style-type: none"> • ABB1.3.1. Utiliza os termos científicos básicos e os relaciona cos datos correctamente. As súas fontes de información son veraces. • ABB1.3.2. Deseña e realiza exposicións orais correctas tanto científica como formalmente .
<p>Bloque 2. SISTEMAS VIVOS. MICROORGANISMOS</p>			
<ul style="list-style-type: none"> • i • e 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Concepto de sistema e a súa representación nos seres vivos. A célula como unidade mínima dos sistemas vivos. • B2.2. Implicacións derivadas do sistema –célula: Fontes de materia e de enerxía necesarias; produción de residuos. Interaccións do sistema – célula co medio. As formas da enerxía nos seres vivos. As formas de materia. • B2.3. As membranas plasmáticas e os eu papel na definición de ser vivo. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Establecer as marxes que define aos sistemas vivos – células recoñecendo as características específicas da materia orgánica e as propiedades físico – químicas nas que se basea o éxito dos sistemas vivos no planeta Terra. Valorar o papel que desempeña a membrana plasmática nas relacións co medio. 	<ul style="list-style-type: none"> • ABB2.1.1. Recoñece as compoñentes que definen a un sistema vivo e á súa necesidade de relación co entorno. • AB2.2.2. Recoñece os distintas formas e fontes de materia e enerxía que precisan os sistemas vivos • AB2.2.3. Explica correctamente o papel que os residuos dun sistema desempeñan no seu contorno. • AB2.3. Distingue os compoñentes dunha membrana plasmática e a súa organización como pezas de puzzle.

<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.4. Propiedades físico – químicas que definen aos sistemas vivos: Mesturas, dispersión; separación de sustancias; ósmose. Factores que afectan á estrutura dos seres vivos: pH, Tª... • B2.5. Procesos básicos no sistemas – célula: Metabolismo, biomoléculas básicas implicadas (glicosa, ácidos graxos, proteínas). Papel encimas 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.2. Recoñecer e valorar a importancia das marxes físico –químicas nas que se sitúan os sistemas vivos coa finalidade de valorar as repercusións de calquera cambio en cada una delas e a súa repercusión nos sistemas vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> • ABB2.4.1. Recoñece o papel importante que desempeñan as propiedades físico – químicas no equilibrio dos sistemas vivo. • ABB2.4.2. Deseña experiencias sinxelas para comprobar a repercusión de calquera modificación nesas propiedades. • ABB2.5.1 .Argumenta correctamente acerca do papel da fotosíntese e da respiración aerobia nos sistemas vivos. • ABB2.5.2. Recoñece a importancia da quimiosíntese. • ABB2.5.3. Recoñece o papel específico de cada biomolécula.
<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.6. Estrutura e organización da célula: Microorganismos. Formas celulares • B2.7. Os tamaños celulares. A microscopía óptica e electrónica. Nanoescala . • B2.8. Formas acelulares: virus e príons. Importancia biolóxica. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.3. Recoñecer a organización celular tanto a escala visible como coa axuda da microscopía e visualizar que esa organización segue uns normas comúns si ven a evolución trae consigo cambios nesa organización e destacar onde está o límite de definición de ser vivo. 	<ul style="list-style-type: none"> • AB2.3.1. Recoñece células eucariotas, eucariotas e formas acelulares como virus e príons. • AB2.3.2. Utiliza correctamente a terminoloxía asociada a escala por debaixo do mm e a nanoescala de virus. • AB2.3.3. Recoñece as repercusións na saúde e na evolución de virus e príons.
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • l 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.9. Uso dos microorganismos na biotecnoloxía. O caso específico dos lévedos e os fungos. • B2.10. Uso dos microorganismos: Técnicas de cultivo de bacterias. • B2.11.Biotecnoloxía: Técnicas de cultivo vexetais in vitro. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.4. Definir correctamente o termo de biotecnoloxía, decatarse da “idade” da biotecnoloxía e as súas repercusións na actualidade . 	<ul style="list-style-type: none"> • ABB2.4.1. Deseña experiencias sinxelas con lévedos e fungos. • ABB2.4.2. Recoñece o papel que as bacterias teñen na biotecnoloxía actual. • ABB2.4.3. Analiza e valora a importancia dos medios de cultivo e as súas implicacións na biotecnoloxía. • ABB2.4.4. Aplica as técnicas de cultivo in vitro de vexetais en investigacións sinxelas.
<p>Bloque 3.CARACTERÍSTICA ÚNICA DO SISTEMA – CÉLULA: O ADN. TECNOLOXÍA DO ADN RECOMBINANTE</p>			
<ul style="list-style-type: none"> • i • d 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.1. Xenética molecular. Importancia biolóxica do ADN como portador da información xenética. Concepto de xene. • B3.2. As forzas que manteñen á molécula de ADN. Propiedades físico – químicas da molécula de ADN: polaridade, carga eléctrica...Rosalyn Franklin. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.1. Analizar o papel do ADN como portador da información xenética e valorar a importancia da súa estrutura e organización. 	<ul style="list-style-type: none"> • ABB3.1.1. Describe a estrutura e a composición química do ADN, e recoñece a súa importancia biolóxica como molécula responsable do almacenamento, a conservación e a transmisión da información xenética. • ABB3.1.2. Valora o papel de Rosalyn Franklin no estudo da molécula de ADN e a súa organización.

<ul style="list-style-type: none"> • l 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.2. Replicación do ADN. Etapas da replicación. Diferenzas entre o proceso replicativo entre eucarióticas e procariotas. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.2. Distinguir as etapas da replicación e os encimas básicos implicados nela. 	<ul style="list-style-type: none"> • ABB3.2.1. Diferencia as etapas da replicación e identifica os encimas implicados nela.
<ul style="list-style-type: none"> • i • j 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.3. Fluxo da información xenética nos seres vivos. • B3.4. Expresión dos xenes. Transcrición e tradución xenéticas en procariotas e eucarióticas. O código xenético na información xenética. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.3. Establecer a relación do ADN coa síntese de proteínas. 	<ul style="list-style-type: none"> • ABB3.3.1. Establece a relación do ADN co proceso da síntese de proteínas. • ABB3.3.2. Establece a relación entre mutación no ADN e cambio na molécula de proteína.
<ul style="list-style-type: none"> • a • g 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.5. Técnicas básicas en enxeñaría xenética: PCR, electroforese en xel de agarosa; Biomarcadores; Xenotecas. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.8. Desenvolver os avances máis recentes no ámbito da enxeñaría xenética. 	<ul style="list-style-type: none"> • ABB3.4.1. Resume e realiza investigacións sobre as técnicas desenvolvidas nos procesos de manipulación xenética para a obtención de organismos transxénicos.
<ul style="list-style-type: none"> • a • c • d 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.6. Aplicacións en enxeñaría xenética: Trazabilidade de alimentos; Testado de medicamentos; OGM; Ciencia Forense. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.9. Analizar os progresos no coñecemento das novas técnicas en laboratorio relacionadas co ADN e a súa aplicación á situacións – problemas reais do mundo actual. 	<ul style="list-style-type: none"> • BB3.5.1. Recoñece e indica as etapas e pasos necesarios para solucionar problemas actuais utilizando as novas técnicas de laboratorio de manipulación de ADN. • ABB3.5.2. Interpreta pegadas de ADN e aplica ese coñecemento para a solución de situacións – problema concretos
<ul style="list-style-type: none"> • b • e • m 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.7. Xenética mendeliana. Teoría cromosómica da herdanza. Determinismo do sexo e herdanza ligada ao sexo e influída polo sexo. • B3.8. Aplicacións: Pedigrís e árbores xenealóxicos 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.6. Recoñecer o papel da xenética Mendeliana e a súa aplicación hoxe en día. 	<ul style="list-style-type: none"> • ABB3.6.1. Analiza e predí aplicando os principios da xenética mendeliana, os resultados de exercicios de transmisión de caracteres autosómicos, caracteres ligados ao sexo e influídos polo sexo. • ABB3.6.2. Aplica o coñecemento da xenética mendeliana a resolver probas de paternidade e realizar pedigrís de especies animais.
<ul style="list-style-type: none"> • a 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.9. Xenética de poboacións. Frecuencias xénicas e a súa relación coa evolución. • B3.10. Aplicacións biotecnolóxicas: Uso e conservación dos recursos naturais. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.7. Relacionar o xenotipo e as frecuencias xénicas coa xenética de poboacións e a súa influencia na conservación de especies autóctonas. 	<ul style="list-style-type: none"> • ABB3.7.1. Distingue os factores que inflúen nas frecuencias xénicas. • ABB3.13.2. Comprende e aplica modelos de estudo das frecuencias xénicas na investigación e mantemento dos recursos naturais.
<p>Bloque 4. O BIOENXEÑARÍA E BIOIMPRESIÓN</p>			
<ul style="list-style-type: none"> • l • m 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. Estrutura e funcionamento dos robots. Sensores, actuadores e controladores. Motores, transmisións e redutoras. Manipuladores. 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. Describir a estrutura e o funcionamento dos robots. 	<ul style="list-style-type: none"> • ABB1.4.1. Identifica as partes dun sistema robótico e describe a súa función no conxunto. • ABB1.4.2. Explica o funcionamento dos sensores e actuadores máis habituais.

<ul style="list-style-type: none"> e 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Aplicacións da robótica na saúde I: Unha man robótica B4.3. Aplicacións da robótica na saúde II: Nanorrobots antivirais a escala ollo humano. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Recoñecer a importancia das articulacións na construción dun robot, recoñecer os graos de movemento dunha man robótica. B4.3. Recoñecer a forma de comunicación virus – células hospedadoras e saber aplicalo. 	<ul style="list-style-type: none"> ABB4.2.1. Aplica o seu coñecemento doas articulacións humanas ó deseño de robots/ próteses. ABB4.2.2. Aplica o seu coñecemento da membrana plasmática e dos virus á construción de nanorrobots.
<ul style="list-style-type: none"> l m 	<ul style="list-style-type: none"> B4.4. A Impresión 3D e a súa aplicación as ciencias da saúde. Fase de deseño e fase de impresión. B4.5. Uso de simuladores tipo: TinkerCad; Blokify. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Deseñar e probar o deseño tridimensional en simuladores para a posterior impresión do deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> ABB4.3.1. Deseña e ensaia en simulador os seus prototipos seguindo as pautas coñecidas estruturas tridimensionais para a súa posterior impresión.
<ul style="list-style-type: none"> a l 	<ul style="list-style-type: none"> B4.5. Aplicacións prácticas na aula: Unha membrana para diálise; Un corazón. B4.6. Materiais para a impresión. Consideracións éticas e medio ambientais 	<ul style="list-style-type: none"> B4.4. Aplicar a casos concretos e relacionados coa saúde os seus coñecementos de impresión 3D. 	<ul style="list-style-type: none"> ABB4.4.1. Aplica o coñecemento das membranas plasmáticas e do corazón humano para o deseño e impresión de réplicas útiles en 3D. ABB4.4.2. Fai un uso ético e sostible das impresión en 3D.
<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> PROXECTO DE INVESTIGACIÓN (2 ANO) 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> Entrega Proxecto: 10 xaneiro 2020 Presentación Tribunal: 21 – 22 xaneiro

AVALIACIÓN DO ALUMNADO EN 1º BACHARELATO.

O alumnado terá á súa disposición a Rúbrica de avaliación na que se terán en conta a participación, a asistencia regular ás actividades e a entrega puntual dos proxectos realizados.

AVALIACIÓN DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN:

Seguirá a “RESOLUCIÓN de 22 de mayo de 2019”. No mes de setembro entregaránse ó alumnado as Rúbricas de Avaliación correspondiente.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS STEM 2018 -2019 [USC/ Campus Terra]

ANO 1 / 1º BACHARELATO (12 h)

TRIMESTRE	TÍTULO APROXIMADO	RESPONSABLE
PRIMEIRO TRIMESTRE	“Escala do invisible: Microscopía electrónica. Aplicacións técnicas” 2h	Alba Román Castro CACTUS Campus Lugo
	“Modelización matemática: estatística e modelos continuos” I 2h	Miguel Angel Vilar Rivas Departamento de Matemática Aplicadas- Campus Lugo
	“Cultivos in vitro” 2h	Juan Luis Fernández Lorenzo Área de Producción Vexetal, Campus de Lugo

SEGUNDO TRIMESTRE	“Técnicas básicas en Tecnoloxía do ADN recombinante: PCR e marcadores xenéticos” 2h	Jaime Castro Paulino Martínez Área de Xenética, Campus de Lugo
	“Testado de medicamentos: Pez cebra” 2h	
	“Trazabilidade en alimentos: <i>Salmo trutta?</i> ” 2h	
	“Tratamento e representación gráfica de datos experimentais” 2 h	Wajih Al-Soufi, Mercedes Novo Área de Química Física Campus de Lugo
TERCEIRO TRIMESTRE	Nano robots/ Impresión 3D.	Francisco Javier López Área de Expresión Gráfica da Enxeñaría, Campus de Lugo

ANO 2 /2º BACHARELATO (8h)

TRIMESTRE	TÍTULO APROXIMADO	RESPONSABLE
PRIMEIRO TRIMESTRE	“Modelización matemática: estatística e modelos continuos” 2h	Miguel Angel Vilar Rivas Área de Matemática Aplicada- Campus de Lugo
	Colaboración en Proxectos alumnado. 6h.	Jaime Castro Juan Ángel Juan Luis Fernández Lorenzo Wajih Al-Soufi Mercedes Novo Jorge Dafonte
SEGUNDO TRIMESTRE	ENTREGA PROXECTOS	Ata 10 Xaneiro ás 14:00h
	PRESENTACIÓN DE PROXECTOS	20- 24 Xaneiro 2020

PROFESORADO PARTICIPANTE DA USC

Alba Román Castro (Técnico Superior de Investigación) /Servizos Xerais de Investigación - Edificio CACTUS – Campus Lugo

PROFESORADO

Miguel Ángel Vilar Rivas / Área de Matemática Aplicada – Campus de Lugo

Jaime Castro e Paulino Martínez / Área de Xenética – Campus de Lugo

Juan Ángel Díaz Pazos / Área de Zooloxía – Campus de Lugo

Grupo de Innovación Docente da USC “XuvenCiencia (<http://www.usc.es/xuvenciencia/gl/>):

Mercedes Novo Rodríguez, Wajih Al-Soufi / Área de Química Física, Facultade de Ciencias, Campus de Lugo

Marta López Alonso, María Isabel Quiroga Berdeal, Ana Paula Losada García

/ Áreas de Patoloxía Animal e de Ciencias Clínicas Veterinarias, Facultade de Veterinaria, Campus de Lugo

Montserrat Valcárcel Armesto, Francisco Javier López González, Juan Luis Fernández Lorenzo, Jorge Dafonte

/ Áreas de Hidroloxía, Expresión Gráfica da Enxeñaría e Producción Vexetal, Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, Campus de Lugo.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Programación actividades complementarias e extraescolares. Curso 2019 – 2020

Actividade:	ITINERARIO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO Á MADRID
Datas previstas:	15 – 21 SETEMBRO 2019
Alumnado: cursos e número aprox.:	2º de BAC STEM
Profesorado:	Pilar Fernández Illán / Leonor Vidal / [Covadonga Yügueros e Rosa Pérez] outros dep.
Transporte:	Sí
Gastos previstos:	Sí
Observacións:	

Actividade:	Visita ao Centro de Investigación e Transferencia Tecnolóxica no edificio Cactus de Lugo
Datas previstas:	21 de decembro
Alumnado: cursos e número aprox.:	2º de BAC da materia de Bioloxía. + 1º BAC STEM
Profesorado:	Pilar Fernández Illán / Aída Fráiz/ Leonor Vidal / Carlos Villamor
Transporte:	No.
Gastos previstos:	Sen gastos.
Observacións:	Datas pendentes de confirmación polo CITT.

Actividade:	Programa “Criado na UE”
Datas previstas:	1º trimestre. Posible visita a unha instalación de acuicultura
Alumnado: cursos e número aprox.:	ESO e Bacharelato. Aproximadamente 60 alumnos.
Profesorado:	Manuel Rodríguez Aira, Hortensia Lence Cortiñas e outros profesores se participan no programa.
Transporte:	Sí, en caso de visita a unha instalación de acuicultura
Gastos previstos:	Custo do autobús.
Observacións:	Data pendente de confirmación pola Fundación Biodiversidad do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Actividade:	Visita á depuradora de Lugo
Datas previstas:	Semana de avaliacións antes de Semana Santa.
Alumnado: cursos e número aprox.:	2º de BAC coa Materia Ciencias do Medio e da Terra, 40 alumnos aproximadamente.
Profesorado:	e outro profesor do departamento.
Transporte:	Autobús.
Gastos previstos:	Custo do autobús.
Observacións:	Data pendente de confirmación polo Concello de Lugo.

Actividade:	Saída de Bioloxía e Xeoloxía a costa
Datas previstas:	2º trimestre
Alumnado: cursos e número aprox.:	4º de ESO coa materia de Bioloxía e Xeoloxía (grupos G1, G2, G3 e G4, 60 alumnos aproximadamente).
Profesorado:	Carlos Villamor, Leonor Vidal, Pilar Fernández
Transporte:	Autobús.

Gastos previstos:	Custo do transporte.
Observacións:	Data pendente de confirmación, depende das mareas e climatoloxía. Localidade pendente de confirmación.

Actividade:	Saída de Bioloxía e Xeoloxía a costa
Datas previstas:	2º Trimestre.
Alumnado: cursos e número aprox.:	4º de ESO
Profesorado:	Profesores do departamento
Transporte:	Autobús.
Gastos previstos:	Custo do transporte.
Observacións:	Pendente de confirmación de grupos, xa que suman 108 alumnos, e localidade, se valorará cambiar o destino ou substituír esa saída por outra.

Actividade:	Visita ao departamento de Botánica, laboratorios da facultade de Farmacia e museo de Ciencias Naturais de Santiago de Compostela
Datas previstas:	2º Trimestre.
Alumnado: cursos e número aprox.:	1º e 2º de BAC
Profesorado:	Profesores que imparten en BAC
Transporte:	Autobús.
Gastos previstos:	Custo do transporte
Observacións:	Pendente de confirmación de grupos

Actividade:	Olimpíada de Xeoloxía
Datas previstas:	Depende da convocatoria, normalmente en febreiro.
Alumnado: cursos e número aprox.:	2º de BAC, 10 alumnos.
Profesorado:	Hortensia Lence Cortiñas e Manuel Rodríguez Aira.
Transporte:	No.
Gastos previstos:	Comida dos alumnos.
Observacións:	

Actividade:	Conferencia "A muller na ciencia". Varias ex-alumnas
Datas previstas:	Meses de Novembro e Febreiro
Alumnado: cursos e número aprox.:	1º de BAC coa materia de Bioloxía e Xeoloxía e Cultura Científica.
Profesorado:	Pilar Fernández Illán, Club de Ciencia e Biblioteca
Transporte:	No, celebrarase no salón de actos.
Gastos previstos:	Posibilidade de agasallo ao conferenciante.
Observacións:	Contactará co conferenciante Teresa Revilla López para confirmar datas. Pendente de confirmación se hai que abonarlle os gastos de transporte.

Actividade:	Visita ao parque eólico de Sotavento
Datas previstas:	25 de xaneiro
Alumnado: cursos e número aprox.:	4º de ESO PDEC e Cultura Científica (pendente de confirmación de grupos). 60 alumnos aproximadamente.
Profesorado:	Pilar Fernández Illán e outros profesores do departamento.

Transporte:	Autobús.
Gastos previstos:	Custo do transporte.
Observacións:	

Actividade:	Visita a Sogama
Datas previstas:	25 de xaneiro
Alumnado: cursos e número aprox.:	1º de ESO, 3º de ESO, 4º de ESO (pendente de confirmación de grupos). 40 - 60 alumnos aproximadamente.
Profesorado:	Leonor Vidal Varela e outros profesores do departamento.
Transporte:	Autobús.
Gastos previstos:	Custo do transporte.
Observacións:	

Actividade:	Taller de Biotecnología en Lugo (ICM - LUGO)
Datas previstas:	Mes de Xaneiro (pendente de confirmación).
Alumnado: cursos e número aprox.:	2º de BAC
Profesorado:	Carlos Villamor, Manuel Rodríguez Aira, Pilar Fernández Illán
Transporte:	
Gastos previstos:	Sin custo

Actividade:	Visita ao departamento de Xenética do Campus de Lugo
Datas previstas:	Pendente de confirmación en función das datas dispoñibles polo departamento de Xenética.
Alumnado: cursos e número aprox.:	1º de BAC, alumnos coa materia Cultura Científica. 50 – 55 alumnos aproximadamente.
Profesorado:	Pilar Fernández Illán e outros profesores do departamento.
Transporte:	No.
Gastos previstos:	No.
Observacións:	

Actividade:	Talleres científicos en Rábade
Datas previstas:	Pendientes en función da convocatoria.
Alumnado: cursos e número aprox.:	1º de ESO, 84 alumnos aproximadamente (pendente de confirmación de grupos).
Profesorado:	Hortensia Lence Cortiñas, Manuel Rodríguez Aira e outros profesores do departamento.
Transporte:	Autobús.
Gastos previstos:	Custo do transporte
Observacións:	Hortensia Lence Cortiñas contactará cos organizadores dos talleres.

Actividade:	Exposicións temporais
Datas previstas:	Visitas a exposicións temporales como as da Caixa e outras entidades
Alumnado: cursos e número aprox.:	Alumnos da ESO, PMAR e 1º de BAC
Profesorado:	Profesores que impartan nos niveis respectivos
Transporte:	Normalmente no, adoitan ser na cidade

Gastos previstos:	No seo caso, custo do transporte
Observacións:	Hortensia Lence Cortiñas contactará cos organizadores dos talleres.

Actividade:	Itinerario de Xeoloxía
Datas previstas:	2º ou 3º trimestre
Alumnado: cursos e número aprox.:	Alumnos de Xeoloxía. Itinerario pendente de determinar
Profesorado:	Hortensia Lence Cortiñas e Manuel Rodríguez Aira
Transporte:	Dependendo se o itinerario realízase nunha zona próxima a cidade ou fora
Gastos previstos:	Son tres alumnos, dependerá de se se autoriza o desprazamento nos coches dos profesores. Pode aproveitarse para levar aos alumnos de 1º de *BAC, nese caso necesitarase autobús
Observacións:	

Actividade:	CLUB DE CIENCIA: Ollando Ciencia- Espazo 1º andar
Datas previstas:	Todo o curso
Alumnado: cursos e número aprox.:	Alumnado voluntario
Profesorado:	Departamento
Transporte:	
Gastos previstos:	
Observacións:	Duración todo o curso. http://ollandociencia.blogspot.com/

Actividade:	STEM BACH 1º E 2º BACH – ESPAZO STEM:Rosalyn Franklin
Datas previstas:	Todo o curso
Alumnado: cursos e número aprox.:	
Profesorado:	Leonor Vidal, Aída Fráiz, Carlos Villamor, Pilar Fernández illán
Transporte:	Ás veces
Gastos previstos:	
Observacións:	https://stembaccollosgrandes.blogspot.com

Actividade:	MES DA CIENCIA EN GALEGO
Datas previstas:	Novembro
Alumnado: cursos e número aprox.:	
Profesorado:	Departamento
Transporte:	
Gastos previstos:	
Observacións:	Colaboración Club de ciencia e Biblioteca

Actividade:	DÍA DA MULLER NA CIENCIA
Datas previstas:	TodFebreiro
Alumnado: cursos e número aprox.:	1º BAC
Profesorado:	Departamento

Transporte:	Ás veces
Gastos previstos:	
Observacións:	Club de ciencia e Biblioteca

Actividade:	CONGRESO DE CIENCIA
Datas previstas:	27-30 de Abril
Alumnado: cursos e número aprox.:	Todos os niveis
Profesorado:	Departamento
Transporte:	Ás veces
Gastos previstos:	
Observacións:	Club de Ciencia

A estas actividades poderanse engadir outras que xurdan en función de convocatorias, conferencias, etc.

APORTACIÓNS DO DEPARTAMENTO Ó PLAN LECTOR

DEDICACIÓN Á LECTURA NA AULA DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DA ESO

1. INTRODUCCIÓN

De todos é coñecido o gran problema do alumnado para acadar unha lectura comprensiva e de calidade dentro do ámbito da aula. Somos coñecedores da dificultade aínda máis grande coa que se atopan á hora de elaborar textos propios dunha calidade axeitada á súa idade. E por suposto, sabemos que esas dificultades quedan reflectidas nos exames cando se pide unha resposta crítica e / ou xustificada a unha pregunta, aínda que esta leve os datos importantes no propio enunciado.

A realidade do mundo e da sociedade actual onde as informacións duran un suspiro e as interferencias de aprendizaxe formal e informal se mesturan constantemente fai máis difícil a labor dunha lectura pausada, comprensiva e reflexiva e aínda máis difícil a adquisición de hábitos de escritura individuais e propios do alumnado.

Neste contexto xurde o Plan lector que elaboramos dende o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía.

2. OBXECTIVOS

- 2.1 Colaborar co Proxecto Lector do Centro e o Plan Anual lector na difícil tarefa de facer lectores responsables e reflexivos.
- 2.2 Colaborar coa biblioteca na formación de usuarios eficientes e colaborar nas actividades propostas por ela.
- 2.3 Fomentar o manexo de diversas fontes de información, libros, comics, revistas, ebooks..... e poñer en valor os hábitos de lectura que manifesten o alumnado.
- 2.4 Formar lectores críticos propios das sociedades democráticas.

- 2.5 Facilitar espazos dentro da aula para a lectura dende libros a documentos textuais de relevancia científica, social, literaria....
- 2.6 Fomentar a procura de información na rede dende os primeiros cursos coa finalidade de obter cidadáns formados na selección de fontes de información valiosas.
- 2.7 Deseñar actividades que impliquen o uso e a selección de diversas fontes de información e xestionar o uso de dita información.
- 2.8 Ensañar cos libros recomendados dentro do Itinerario de Lecturas Recomendadas.
- 2.9 Deseñar documentación específica para PDIs, ALFIN-AMI.
 - 1.10 Describir os tipos de produtos finais na comunicación de Proxectos segundo o nivel do alumnado.

2. TEMPORALIZACIÓN e ESPAZOS PARA A LECTURA

Seguimento da Hora de Ler proposta no centro respectando os tempos indicados. Poderáse Unir os tempos dun mes e baixar á Biblioteca a realizar a tarefa de lectura nunha xornada de aula. Será preciso reservar o espazo.

Colaboración coa creación das *Bibliotecas de Aula* aportando libros e/ou propostas.

Creación de Espazos e Tempos para lecturas consideradas relevantes segundo o tratado na aula sempre que o profesor o considere necesario.

1. CARÁCTER DAS LECTURAS

Distinguimos dúas tipoloxías diferentes:

- Lecturas de carácter lúdico segundo o gusto do lector, nos que se sitúan os Itinerarios descritos máis adiante.
- Lecturas de “carácter formal e científico” onde utilizaremos textos, fragmentos e/ou artigos de personaxes relevantes no ámbito de estudo da materia e a aula.

5. RUTINAS DE LECTURA:

-Actividades sistemáticas: Hora de Ler, lectura compartida, etc.

-Participar na proposta de centro da Hora de Ler, como ven sendo habitual.

-Xestionar tempos na aula para a lectura compartida de fragmentos relevantes de lecturas como poden ser:

- Fragmentos seleccionados de libros como, Gerald Durrell en 1º / 2º de ESO, de Julio Verne, Viaxe do Beagle de Charles Darwin....
- Artigos escritos por científicos actuais ou pasados.
- Artigos de divulgación escritos por especialistas.

-Utilizar textos científicos, sempre que sexa posible como material de aula.

-Valorar especialmente as lecturas voluntarias do alumnado.

-Actividades programadas ou temporizadas: PDIs, ALFIN-AMI (Proxectos Documentais Integrados, Alfabetización Informacional, Alfabetización Mediática e Informacional), campañas de lectura.

OBXECTIVOS DAS PAUTAS DE LECTURA

- 5.1 Definir e organizar á necesidade da información por parte do alumnado.
- 5.2 Localizar a información e ser quen de valorala.
- 5.3 Organizar a información e facer un uso ético da información (respecto ós creadores....)
- 5.4 Comunicar a información e facer uso das TICs, se é necesario.
- 5.5 Coñecer o papel da información dos medios de comunicación (información mediática) nas sociedades actuais e democráticas.
- 5.6 Avaliar con sentido crítico a información dos medios.
- 5.7 Coñecer onde e como localizar unha información correcta.
- 5.8 Usar ferramentas informáticas para buscar e almacenar información.
- 5.9 Usar ferramentas informáticas para elaborar e expoñer a información acadada e procesada.
- 5.10 Valorar e citar as aportacións de outros nos escritos propios.

6. PLAN LECTOR E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN.

INICIACIÓN

FASE DE DOCUMENTACIÓN DE PROXECTOS

Deseño de Proxectos de Investigación nos que se inclúa a fase de “Documentación” como unha parte do propio proxecto. Nesta fase o alumnado documentarase acerca da investigación a realizar e indicará a selección de fontes realizada. O Departamento elaborará unha ficha do “percorrido básico na documentación de investigación” a realizar polo alumnado nas súas investigacións segundo os niveis de 1º-2º ESO; 3º-4º ESO e 1º de BAC.

A fase de Documentación responde ás necesidades definidas nos obxectivos 1.1; 1.2; 1.3; 1.5; 1.6; 1.7

FASE DE COMUNICACIÓN DE RESULTADOS

A comunicación científica, ao igual que os demais tipos de comunicación lingüística, precisa de unha estrutura específica, unha linguaxe determinada e formatos determinados.

Sempre que se realice un proxecto expresaremos claramente o produto final no que queremos o proxecto realizado e as pautas para realizalo. Ensaiaremos o tipo de documento final de comunicación de resultados que se pedirá o alumnado seguindo os grupos de idade do alumnado (1º - 2º ESO; 3º-4º ESO; 1º BAC)

Destacaremos a necesidade de elaborar textos propios, non utilizar o copia e pega e citar as fontes externas utilizadas.

7. ACTIVIDADES PUNTUAIS: VALORACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO NAS ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA BIBLIOTECA OU NAQUELAS ORGANIZADAS DE XEITO INDEPENDENTE POLO DEPARTAMENTO, A ESPECIFICAR.

Participación do alumnado de nos seguintes actos en colaboración co Club de Ciencia e a Biblioteca

- Exposición de Pósters científicos no Espazo de Ollando na Ciencia
- Mes da Ciencia en Galego (en Novembro)
- O mes de Xulio Verne. Lecturas de Julio Verne en 4º da ESO
- VI Semana dos Proxectos Científicos 1º BAC
- Semana da Ciencia ESO

8. ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS.

-Participación nas actividades a desempeñar polo Club de ciencia por parte dos apais e nais do alumnado do 1º ciclo da ESO.

-Invitación ás familias en exposicións abertas de proxectos e exposicións.

9. ITINERARIOS LECTORES

1º ESO - 2º ESO

1. La llamada de la selva, Jack London
2. Expedición ó Pacífico, Marilar Aleixandre
3. As frores radiactivas, Agustín Fernández Paz
4. "La puerta de los tres cerrojos", Sonia Fernández-Vidal

3º ESO - 4º ESO

1. 20.000 leguas de viaje submarino, Jules Verne
2. De la tierra a la luna, Jules Verne
3. Una muy breve historia de casi todo / Bill Bryson
4. Las chicas son de ciencias. 25 científicas que cambiaron el mundo, Irene Cívico y Sergio Parra

1º BACH

1. Diario de Viaje de un Naturalista Alrededor del Mundo-El Beagle, Charles Darwin
2. El gen egoísta, Richard Dawkins
3. Historia del tiempo , Stephen Hawking

- | | |
|----|---|
| 4. | La primavera silenciosa, Rachel Carlson |
| 5. | La invención de Morel, Adolfo Boy Casares |
| 6. | La medición de mundo, Daniel Kehlmann |
| 7. | A flor de piel, Javier Moro |
| 8. | Ángeles Custodios, Almudena de Arteaga |

10. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Participa activamente nas actividades de lectura crítica propostas polo profesor da materia.
2. Aporta información acerca de novas lecturas recomendadas para os compañeiros.
3. Segue as recomendacións do profesor /ra nas propostas de mellora á hora da adquisición de hábitos de lectura.
4. Participa nos concursos e actividades propostas pola biblioteca e o departamento.
5. E quen de facer unha disertación crítica sobre os libros lidos.
6. Dedicar un tempo determinado a reflexión dos enunciados das preguntas.
7. Utiliza correctamente as fichas de selección de información nos proxectos de investigación.
8. Segue as pautas estruturais á hora de presentar o traballo final do proxecto.
9. Elabora de xeito responsable textos propios a partir dos coñecementos adquiridos.
10. Utiliza o vocabulario específico en cada caso á hora de elaborar as súas repostas.

11. UTILIZACIÓN DOS RECURSOS

- Procura de libros por parte do alumnado incluídos dentro dos Itinerarios de lectura.
- Realización da Fase de Documentación de Proxectos na Biblioteca.
- Participación nas actividades deseñadas polo Club de Ciencia e a Biblioteca nos Recreos.

12. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

1. Valoración por parte do alumnado dos libros recomendados dentro dos Itinerarios de Lectura.
2. Nivel de participación (Nº) do alumnado nas actividades propostas e grao de satisfacción.
3. Grado de logro (1 a 5) no desenvolvemento de PDIs, ALFIN e AMI.
4. Valoración subxectiva do profesorado implicado.

APORTACIÓNS DO DEPARTAMENTO Ó PLAN TIC

CONTEXTO

O Departamento de Bioloxía e Xeoloxía participa activamente no desenvolvemento do Plan TIC do Centro. Sirva como referencia que o Coordinador ABALAR, EVO- Eixgal pertence é profesor deste departamento.

METODOLOXÍA E INCORPORACIÓN DAS TICs Á AULA

O Departamento de Bio Xeo é un dos pioneiros do uso de novas metodoloxías TIC no centro. Dende hai varios anos este departamento utiliza os recursos on line que se foron incorporando ano tras ano e , considero, que no aspecto do uso TIC é un dos máis avanzados do Centro. O profesorado conta coa formación necesaria para a afrontar retos como o confinamento do curso pasado, como se puido comprobar no Rexistro Horario e uso das plataformas co alumnado levadas a cabo pola Dirección do centro.

Non só o uso de ferramentas Tic, mesmo os axustes metodolóxicos que o profesorado debe afrontar cando fai ese uso. Así pasase á unha dinámica máis activa onde a responsabilidade e a autonomía do alumno ponse máis de manifesto. Perno que, en este sentido, o uso e manexo das plataformas de aprendizaxe facilitan a incorporación do alumnado á propia xestión da súa aprendizaxe.

Pódese comprobar a través das Aulas virtuais ese esforzo colectivo na incorporación ás novas metodoloxías de traballo.

USO E MANEXO DO PAQUETE “OFFICE” NAS AULAS

- O alumnado uso e manexa ferramentas de escritura, xa sexa en extensión .doc ou .odt, para a presentación de traballos e actividades.
- Uso de Calc, nos niveis altos para a xestión e manexo dos datos das experiencias de laboratorio e/ou o manexo de datos de proxectos.
- Xestión de envíos de arquivos na extensión .pdf, para o seu menor manexo.
- Presentación de traballos co uso e manexo de programas de presentación de diapositivas.
- Manexo e uso de programas de tratamento de imaxes.
- Elaboración de carteis co uso da plataformas on- line tipo canva.
- Grabación e presentación de vídeos co manexo de programas multimedia.
- Comunicación de investigacións, actividades e concursos co uso de Blogues e contas en Instagram.

PLATAFORMAS EDUCATIVAS UTILIZADAS

EVA – EDIXGAL.

O alumnado de 1º ESO participa desta plataforma dende os inicios do Programa. O profesorado de nova incorporación segue un cursiño de centro destinado ó adestramento no uso desta plataforma.

Por medio desta ferramenta o profesorado traballa activamente co alumno e compaxina o seu uso e manexo cos actividades cotiás de aula. Este feito púxose de manifesto durante o confinamento xa que o profesorado do departamento comezou a traballar de seguido co alumnado telemáticamente utilizando EVA Edixgal.

AULA MOODLE

O profesorado dos demais niveis ESO, Bacharelato e STEM BAC contan con cursos activos das materias que imparten na plataforma Moodle os cales se pode acceder mediante contrasinais específicas.

De forma habitual o alumnado do Departamento debe realizar tarefas on line ou entregar produtos finais, actividades na propia plataforma Moodle. No mesmo caso que en ESO o uso cotiá da Aula virtual facilitou o seguemento do alumnado durante o confinamento do curso 2019 – 2020.

ABALAR

O profesorado adscrito a cada curso e nivel pode comunicarse cos pais – nais ou titores do alumnado por medio de ABALAR e ABALAR móbil. Así mesmo se reciben as comunicacións importantes do grupo por medio de esta plataforma.

OUTRAS FERRAMENTAS TIC

AULAS EDIXGAL

O profesorado de 1º ESO utiliza como ferramenta habitual os ordenadores cos que contan estas aulas. A xestión do uso de ditos ordenadores por parte do alumnado corre a cargo de Don Manuel Rodriguez Aira, profesor de este departamento.

AULAS DE INFORMÁTICA

O centro conta con 3 aulas de informática a todas luces INSUFICIENTES para case os 900 alumnos e alumnas cos que conta o centro. É moi dificultoso acceder á ditas aulas en tempo e lugar oportuno coas nosas aulas.

Non resultan operativas.

TABLETS – BIBLIOTECA

Na actualidade a Biblioteca conta con 20 tablets que o profesorado pode utilizar para a procura de información nas investigacións e proxectos. É un recurso que aínda é pouco utilizado polo profesorado polo que resulta interesante. Pero cando se xeralice o seu uso será como as Aulas de Informática, a todas luces **INSUFICIENTE**.

PLATAFORMA WEBEX

Durante o confinamento precisouse a realización de videoconferencias para o seguemento das aulas e para a realización de probas individuais co alumnado. O Departamento incorporouse con normalidade ó uso de dita ferramenta e segue a ser utilizada na actualidade para o seguemento das Aulas STEM.

De cambiar a situación actual e chegar a semipresencialidade ou ensino telemático a incorporación dos demais niveis será sinxela.

COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

A importancia da comunicación coas familias é fundamental.

O profesorado deste Departamento conta cunha conta de correo corporativa para tales efectos que está disposición das familias de forma oficial.

Así mesmo, contamos coa posibilidade de contactar por ABALAR.

ADENDA Á PROGRAMACIÓN POR MOR DA COVID

Segundo os acordos recollidos na reunión de Departamento do 25 de setembro de 2020, o Departamento de Bioloxía e xeoloxía fai as seguintes puntualizacións á Programación Anual do Departamento para o curso 2020-2021:

ASPECTOS TÉCNICOS

- 1- Crearanse os cursos precisos para todo o alumnado / profesorado na Aula virtual e manexarase o máis axiña posible por mor á un cambio na situación social actual de aulas normais. Así nos aseguramos de que alumnado poida facer un seguimento normal se houbera confinamento e cal precisaría unha axuda máis específica.
- 2- Recollerase o máis rápido posible, os correos do alumnado e comprobarase que nos cursos altos non teñen a extensión “.correo.es “, xa que os fai totalmente inoperativos. MOI IMPORTANTE esta xestión xa que no trimestre de confinamento perdimos alumnado por esta situación anómala nas súas contas en Moodle.
- 3- Detectaremos e nos comunicarán dende Orientación o máis axiña posible, os casos con problemas de calquera tipo do alumnado para evitar o paulatino illamento e desconexión en caso de confinamento.
- 4- Incorporarase o manexo de Webex e Aula Moodle ás aulas para estar preparados. No caso de que o profesorado de nova incorporación non conte coa formación necesaria deberá contactar co responsable do seu manexo, profesor de este departamento.
- 5- Proposta de quendas nas aulas en caso de semipresencialidade.

ASPECTOS METODOLÓXICOS

- 1- Uso de metodoloxías activas e de autoxestión do alumnado para facilitar o paso de aulas á semipresencialidade e ensino telemático. **Versatilidade.**
- 2- Traballo en equipo do profesorado de nivel para evitar a sedade da toma de decisións metodolóxicas adaptables a novas situacións.
- 3- Seguindo as recomendacións da orde da Consellería de xuño, comezaremos repasando os conceptos clave en cada un dos apartados dos novos niveis sempre que sexan materias de continuidade como ode ser de 4º ESO para 1º BAC e de 1º BAC para 2º de BAC.
- 4- Fíxose un reaxuste dos contidos mínimos e estándares esixibles de tal xeito que cobren peso aqueles que sexan fundamentais para asegurar unha continuidade exitosa durante este curso e posteriores. Reduciríñse especialmente en 1º BAC, curso fundamental pra rematar o bacharelato e imposible de abarcar normalmente sen pandemia.
- 5- Reaxustes na avaliación con novas propostas,
 - a. suspensión temporal de instrumentos de avaliación (recoñecemento de rochas e monerais en 1º BAC) debido os protocolos sanitarios actuais.
 - b. Suspensión temporal do seguemento do “caderno do alumnado” en 1º ESO.
 - c. Reaxustes nas porcentaxes dos instrumentos de avaliación nalgunhas materias do departamento.
 - d. Xestión máis eficaz e aplicación do termo “prazo de entrega” para fomentar a responsabilidade do alumnado e que así xestione máis eficazmente a súa progresión na aprendizaxe.
- 6- Probas de avaliación individual. Tentar de realizar probas individuais regulares para ter criterios obxectivos de avaliación previos a un peche de aulas e asegurarnos do progreso axeitado do alumnado.
- 7- Posta en marcha de metodoloxías tipo **Flipped classroom** (clase invertida) que facilita as aprendizaxes por medio de videos tutoriais dos contidos e a correspondente corrección das actividades e solución de dúbidas en clases presenciais ou telemáticas pola plataforma Webex.
- 8- Utilización das ferramentas e plataformas educativas institucionais para as aprendizaxes como para a comunicación coas familias, seguindo as propostas do Departamento para o Plan TIC.